

**VISTA** a resolución do Xefe Territorial do Departamento Territorial da Coruña, do Servizo de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar, con data de 27 de abril de 2010, pola que se lle concede a este Concello a realización do curso do Programa AFD para o 2010 de Iniciación á Rede Internet.

**CONSIDERANDO** as atribucións conferidas polo artigo 21.1. g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril,

#### **RESOLVE:**

**Primeiro:-** Que se proceda á selección do candidato/a necesario para a provisión con carácter laboral temporal dun posto de mestre/a para a impartición do curso de Iniciación á Rede Internet.

**Segundo:-** Para darlle publicidade a esta selección, inserirase un anuncio nun periódico de tirada comarcal e exporase un anuncio no taboleiro municipal e en todos aqueles lugares onde se considere oportuno ata o 04/08/2010.

**Terceiro:-** A selección deste persoal rexerese en todo caso polas bases ás que neste intre se lles presta aprobación e que se recolle no anexo desta resolución.

**Cuarto:-** Os aspirantes que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias no Rexistro Xeral do Concello de Boiro **ata o día 04/08/2010 ás 13:30 horas.**

As instancias irán acompañadas da seguinte documentación:

- Copia do DNI.
- Tarxeta de demandante de emprego do INEM, no caso de estar en situación de desemprego
- Declaración xurada das cargas familiares, e no seu caso fotocopia compulsada do libro de familia.
- Currículo persoal sobre titulación e experiencia profesional vinculada a esta actividade, coa correspondente acreditación documental, mediante orixinais ou copias compulsadas.
- Copia do certificado que acredite o grado de perfeccionamento do idioma galego.

**Quinto:-** O tribunal estará constituído da forma seguinte:

- Presidente: O secretario da corporación ou persoa en quen delegue
- Secretario: Severino Abalo Chouza (suplente: Josefa Campaña Carballo).
  
- Vogais: Belén Ordóñez Martínez (suplente: Berta Blanco Silva).  
María Mariño Poza (suplente: Martín Blanco Buceta).  
César R. Tarela Pérez (Suplente: Eugenio Rodríguez Fernández)

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do presidente e do secretario.

O Tribunal cualificador, por medio do seu presidente, poderá dispoñer a incorporación ó mesmo de técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de selección, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

No apartado de valoración de condicións globais desprezaranse as votacións dos membros do tribunal que se desvíen un 20% da media da puntuación total de cada un dos candidatos.

En ningún caso poderá formularse proposta de contratación a favor de máis candidatos que prazas estean convocadas.

**Sexto:- Baremación e proposta de contratación:**

1.- Con data de **06/08/2010** publicarase no taboleiro de anuncios do concello, un listado cos candidatos/as admitidos e excluídos, indicando as causas de exclusión, así como dunha prevaloración dos méritos presentados.

2.- Contra este listado, os interesados poderán formular reclamación perante o tribunal cualificador en escrito dirixido ó alcalde ata o día **18/08/2010**.

3.- Resoltas as reclamacións, publicaranse as listas definitivas do mesmo xeito ó establecido para as provisionais o día **20/08/2010**. Asemade nesa mesma lista aparecerán os candidatos/as que, unha vez valorados os méritos, teñan a posibilidade de ser seleccionados para o posto ofertado, pasando a realizar unha entrevista.

**A tal efecto, eses aspirantes que pasen á fase de entrevista, quedan convocados para o luns 23/08/2010 ás 10:30 horas, na sala de xuntanzas da Casa Consistorial.** Serán convocados para a entrevista por nomeamento único e a non presentación ó momento de ser chamados determinará automaticamente, salvo caso de forza maior acreditada de maneira fidedigna, e apreciada libremente polo tribunal, o decaemento do seu dereito a participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído, na súa consecuencia, do proceso selectivo.

O tribunal poderá requirir en calquera momento ós aspirantes que se identifiquen debidamente. A tal efecto deberán de concorrer provistos do DNI.

Por non ser de obrigatoria a súa publicación, os anuncios de celebración das sucesivas probas ou exercicios, si eso procedese, con indicación do lugar e hora en que tivesen lugar, exporanse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, ó menos con 48 horas de antelación.

Unha vez realizadas e valoradas as entrevistas, o tribunal elevará proposta de nomeamento ó alcalde, que fará o nomeamento definitivo mediante resolución de alcaldía, formalizándose o contrato laboral temporal suxeito á lexislación laboral, Estatuto dos Traballadores e normas que o desenvolvan, debendo presentar no departamento de persoal a documentación esixida nas bases.

**Sétimo:-** O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non estea prevista nestas bases.

Para o non previsto nas presentes bases aplicarase a normativa referente ó ingreso de persoal das administración públicas.

**Oitavo:-** Da presente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice.

## ANEXO I

### **BASES PARA CUBRIR MEDIANTE CONTRATO LABORAL TEMPORAL UNHA PRAZA DE MESTRE/A PARA A IMPARTICIÓN DUN CURSO DE INICIACIÓN Á REDE INTERNET (Programa AFD 2010)**

#### **1º .-OBXECTO**

A contratación temporal dun mestre/a para a impartición dun curso de Iniciación á Rede Internet do Programa AFD.

#### **2º .- CONDICIÓN DO CONTRATO:**

O contrato de traballo será da modalidade “por obra ou servio” a tempo parcial dende o 01/09/2010 ata o 22/09/2010, co obxecto de impartir os módulos pertencentes ó programa do curso de Iniciación á Rede Internet das accións formativas para desempregados (AFD).

A realidade desta contratación estará condicionada a realización do curso, non sendo posible no caso de non chegar a un mínimo de 10 alumnos.

A contratación estará condicionada á validación do currículo da persoa seleccionada por parte da Consellería de Traballo e Benestar para poder impartir o curso, non sendo posible dita contratación sen a validación positiva.

### 3º.- SISTEMA DE ACCESO:

O sistema de acceso é o de concurso libre.

### 4º.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS/AS

Para poder tomar parte no Concurso será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- A) Pertencer a calquera dos estados asinantes do Tratado da Unión Europea e o Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, con coñecementos suficientes da lingua galega.
  - B) Os estranxeiros que non pertencen a algún dos estados asinantes do Tratado da Unión Europea, deberán ter permiso de traballo cunha duración mínima de 12 meses, a titulación esixida para o posto ó que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua galega.
  - C) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder de aquela para a xubilación forzosa por idade.
  - D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.
- A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme a normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, caso de ser seleccionado.
- E) Non estar afectado por motivos de incompatibilidade recollidos nas disposicións da Lei de incompatibilidades referidos ó persoal das administracións públicas.
  - F) Titulación universitaria de Grao Medio en Telecomunicacións ou Informática, CS de Informática ou, no seu defecto, capacitación profesional equivalente na especialización relacionada co curso.
  - G) Experiencia profesional: un ano de experiencia laboral na especialidade.
  - H) Nivel pedagóxico: é necesario ter formación metodolóxica ou experiencia docente.
  - I) Estar en posesión de diploma ou certificado que acredite o nivel CELGA 4 do idioma galego ou equivalente.

### 5º.- BAREMO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

1).- **Titulación relacionada co posto a maiores dos requisitos.** - Máximo 3 puntos.

*Titulación diplomatura: 2 puntos*

*Titulación licenciatura: 3 puntos*

*Soamente se puntuará a titulación de maior nivel acreditado. A tal efecto achegarase ademais da copia do título, copia do listado de materias impartidas e aprobadas onde apareza a relación da titulación co posto.*

2).- **Experiencia profesional.** - Máximo 3 puntos.

*Valoraranse traballos prestados nas diferentes administracións públicas e en empresas privadas relacionados coa ocupación de mestre Iniciación á Rede Internet.*

*A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial ratearanse segundo corresponda e o resto de días soltos sumarán meses se alcanzan o número de 30. **As puntuacións serán de 0,05 puntos/mes (tanto en administracións públicas coma en empresas privadas).***

*Esta experiencia laboral acreditarase mediante contrato de traballo e certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*

3).- **Experiencia docente en Cursos de Formación Ocupacional e/ou Continua.**- Máximo 3 puntos.

- De 10 a 20 horas : 0,50 puntos
- De 21 a 50 horas: 0,75 puntos
- De 51 a 100 horas: 1 puntos
- De máis de 100 horas: 1,25 puntos

Valorarase a experiencia docente na impartición dos módulos do curso incluídos nas unidades de competencia correspondentes ó curso de Iniciación á Rede Internet(AFD).

A experiencia docente deste apartado acreditarase con contrato de traballo ou administrativo e certificado de empresa. Asemade, e ó efecto de valoración, deberá achegarse certificado onde conste o número de horas de cada curso impartido.

4).- **Formación complementaria.** Máximo 3 puntos.

Valoraranse cursos que estean relacionados co posto, da maneira que segue:

a) Por cada curso impartido polas administracións públicas, universidades ou Servizo Público de Emprego relacionado coas funcións que se van a desempeñar:

- De 20 a 59 horas: 0,20 puntos/curso
- De 60 a 99 horas: 0,40 puntos/curso
- De 100 a 149 horas: 1 punto/curso
- De 150 ou mais: 2 puntos/curso

Neste apartado inclúense os cursos de Técnicos Superiores e/ou Másters impartidos polas universidades públicas

b) Os cursos sobre ofimática puntuaranse segundo o anterior apartado e cun tope máximo de 1 punto.

c) Non se valorará ningún curso que non sexa impartido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellerías) Administración do Estado (Ministerios) Universidades Públicas e Servizo Público de Emprego, ou que estean debidamente homologados polos mesmos organismos.

d) Non se valorará ningún curso en que a materia estea comprendida dentro do temario doutro curso de máis horas presentado polo mesmo solicitante.

4) **Entrevista persoal.** Máximo 2 puntos.

Os candidatos/as que, unha vez valorados os méritos, teñan a posibilidade de ser seleccionados para o posto ofertado, realizarán unha entrevista persoal que versará sobre as tarefas a desenvolver no posto de mestre/a do curso de Iniciación á Rede Internet.

A tal efecto, con data de 20/08/2010 publicarase unha lista definitiva de valoración de méritos, onde asemade aparecerán os candidatos que se deben de presentar á entrevista o día 23/08/2010 ás 10:30 horas.

O que manda e asina o alcalde en Boiro, 22 de xullo de dous mil dez, do que como secretario certifico.

Vº. e Pr.  
O alcalde

O secretario xeral

Xosé Deira Triñanes

Juan Manuel Salguero del Valle